ABOGADO
LUIS BOUZA-BREY TRILLO
VILLAGARCIA DE AROSA

CALVO SOTELO, 14
TELEFONO, 139

2 · maio · 69

Sr. D. Luis Tobío Fdez
Madrid.

Meu benquerido e recordado amigo:

Non sabes ti ben con que ledicia recibo a tua carta, en canto me dí que pensar vi eigui estevan, tantos anos de distancia -41- e que nos alongou da propincuidade universitaria, e física, dende logo, que tal cousa será pra min como unha retroceder no tempo pasado e unha rememoranza, mais viva antigo que cun unigueiro, polo que ti representabas pra nós de aquela, como mestre de estudos e de arelas. Ti, vivo e Magariños, morto, sobre as tuas benqueranzas que en torno de aquelos tempos idos. O demais do tempo, deica a chegada dos meus fillos, pasoume un pouco en solitario: na soedade e na saudade, agás xuneiras exclúsivas temporeiras e caducas. Hoxe, vellos, desmor-

Ateados, apadumados... e scepticos, veremos, meu Luis, como somos. Que Deus nos acolla!

Ben, estiven buscando e procurando cumprir a túa encárrega. Esta vila é bonita, mais non ten hoteles. Somente encontrei "algo" que te pode servir e se pode arranxar conforme as túas instruccións: é no Hotel Carballinos. Consiste nun apartamento, con baño, que ten unha habitación matrimonial e outra parella, individual. Seica podo conseguir que a cama matrimonial se troque por duas individuales e entón queda todo arranxado ao teu gosto. Adxunto un croquis. O demais que vin non serve pra vós

Precios: Non teñen ainda a certeza do precio das habitacións que lles ha de marcar Turismo nestes días, pero adiantanme que a pensión completa pra vol-os tres, nas duas habitacións parellas, pode ser, mais ou menos, de 822 pts. diarias; e teredes a facilidade de comer no Hotel, ou no restaurante da Praia das Sinas, que tamén é de eles. Si en principio te satisface, dimo, eu concretarei dentro de tres ou catro días. Seica entón.

Unha fondísima aperta —

Hotel de 2ª (penso) as habitacións limpas, a comida boa, o servi-cio bo, o baño do Trinque, o comedor elegante no piso baixo.




Podo conseguir —espero— que a cama individual pase pra a habitación matrimonial e se lle aparelle outra igual.

E a cama matrimonial pase pra a habitación individual. Esta sería a da vosa filla e aquelas serían pra vós.

O baño dá pra vosa habitación, que ten balcón á rúa. A habitación da nena ten xanela a patio.

As duas habitacións estan xuntas, a carón unha da outra, e separadas do resto do edificio por unha porta que pecha o voso corredor particular. Na habitación matrimonial nos caben as tres camas a xeito.